

## Afonso de Carvallido: A imaxe dun líder irmandiño na Galicia do século XV



Sepulcro de Afonso de Carvallido no Museo das Mariñas, de Betanzos.

Ao redor dos anos 70 do s. XX, unhas obras na rúa de San Francisco e o adro de Santa María do Azougue en Betanzos deron como resultado o feliz achado de tres laudas sepulcrais do s. XV: a dun cura, a dun burgués e a dunha muller. Segundo din os veciños, formaban parte, dadas a volta, das escaleiras do adro. Logo, a do cura e a do burgués puxéronse no exterior da ábsida e a da muller, na parte esquerda da fachada, ao tempo que na parede contigua se fixaron dúas pezas, con escudos, doutros tantos sarcófagos.

En principio, podería pensarse que se trataba de restos do antigo mosteiro gótico de San Francisco, destruído na década dos 70 do s. XIX, e que aparecen de vez en cando nos lugares máis insospeitados, pero, neste caso, a orixe está na igrexa de Santa María, porque un dos personaxes é un “mercador” e Manuel Antonio de Verín e González de Hevia no seu inédito manuscrito da *Historia de la ...ciudad de Betanzos...*, de 1812, fala da existencia nesta igrexa da confraría de Nosa Señora do Rosario, ligada a un gremio, integrado polas seguintes profesións: “mercaderes, tejedores, herreros, carpinteros, latoneros y otros oficios fuera de los sastres y zapateros”.

Pasaron os anos sen que ninguén estudase estas laudas ata que no *Anuario Brigantino* 1984 publiqui a do burgués, e noutros números da revista, as demais.

Por unha especie de milagre, as lendas do burgués e da muller aparecían lexibles:

“[...] AFONSO : D(e) : CARVALLIDO : MERCADOR”  
“[...] CLARA SANCHES : MOLLER : D(e) : A(fonso) :  
D(e) CARVALLIDO”

Isto significaba que estabamos: 1º) diante dun matrimonio poderoso da burguesía local, 2º) diante da rara imaxe dun comerciante, e 3º) diante dunha moda feminina moi significativa. Ademais, os restos dos sarcófagos permitiron reconstruír o conxunto dos sepulcros e así podemos velos no Museo das Mariñas, de Betanzos. É moi evidente que este matrimonio era rico, pola monumentalidade dos seus sepulcros. Ademais, e sen agochar o seu estatus burgués nin o seu oficio, imitan ao estamento nobre: Afonso usa espada e Clara viste a última manifestación da gran moda galega feminina (polo menos, da Galicia occidental), que, sen a penas cambios, durou un século ou algo máis; pois ben, esta moda, recreada a partir das vestimentas das raíñas de Castela (en Galicia, sepulcro da raíña “Ioana de Castro” na catedral de Santiago), foi iniciada no sepulcro de Sancha Rodríguez, primeira esposa de Fernán Pérez de Andrade, na igrexa de San Francisco de Betanzos, na década de 1370 (a última noticia dela data do

21-03-1373). Tamén imitan aos nobres nos escudos parlantes (un carballo, por Carvallido), aínda que hai que ter en conta que nesta época o uso do escudo se estendía a todos os estamentos.

Naturalmente, no caso de Afonso de Carvallido, sería difícil saber que estabamos diante dun “alcalde de hermandad” se precisamente naquel 1984 non acabase de aparecer en dous volumes o libro, *Las fortalezas de la mitra compostelana y los “irmandiños”: pleito Tabera-Fonseca*, editado pola Fundación “Pedro Barrié de la Maza” do que é autor Ángel Rodríguez González. Alí, na páxina 432 atopamos un tal García Mexía, escudeiro e veciño de Curtis, que respondía como testemuña en 1526 (57-59 anos despois dos acontecementos, cando el tiña 11-13 anos) sobre o que viu e oíu do levantamento irmandiño de 1467-69:

“... en este Reino de Galizia se llebantaron las gentes de los pueblos y tierras del en boz y nonbre de hermandad y... en las ciudades azian sus alcaldes y cadrilleros e diputados porque en la çiudad de... Santiago bio ser diputado un Joan Vinagre e en la çiudad de Betanços a Afonso de Carvallido e Ruy de Toar e Gonçalo de Vilasuso que todos heran alcaldes de hermandad e Joan Branco, que hera capitán dellos e que por las tierras hazian sus alcaldes de hermandad entre tres o quatro feligresias los quales dichos alcaldes e diputados bio el testigo que rexian e mandaban las gentes que andaban en la dicha hermandad y la llamaban y nonbraban sancta hermandad...”

A testemuña lembra como as xentes así organizadas derrubaron o castelo ou “fortaleza” de Mexía: “la posieron sobre estacas e derrocaron un pedaço”. E tamén viu como destruíron o castelo de Guitiriz, que era de “Ares Bazquez de Parga”, o “do Seixo”, de Gómez Pérez das Mariñas, e moitos outros “de señores y cabaleros”, non deixando ningún sen derrubar en toda Galicia [uns 130], agás os de Pambre, Castroverde e Vilaxoán.

O malestar cos cabaleiros das fortalezas é algo que xa vén do s. XIV, pero foi medrando ao longo do s. XV, e, de feito, xa tivo un estalido de gran magnitude na chamada *Irmandade Fusquenlla*, formada en 1431 nas terras dos Andrade e liderada polo fidalgo Roi Xordo. Enfrontábanse a Nuño Freire de Andrade, o *Mao*, e chegaron a tomar o forte de Moeche, atacando tamén outras fortalezas ata a súa derrota en Pontedeume en 1437 diante das tropas de Andrade, do rei e do arcebispo de Compostela.

A de 1467-1469 será a maior, a última e a máis importante guerra irmandiña. Anos antes, o levantamento popular foi organizado e liderado polo fidalgo betanceiro, Alonso de Lanzós, do que a torre e pazo (este reformado no s. XVII) aínda permanecen en pé fronte á igrexa de Santiago. Polo tanto, as cidades e vilas de Betanzos, A Coruña, Pontedeume e Ferrol (por esta orde enuméraas a testemuña Juan de Carballido) serán as protagonistas iniciais desta auténtica guerra civil que incendiaría toda Galicia. Cos irmandiños houbo nobres como Alonso de Lanzós e outros, pero,

sobre todo “... muchos mercaderes, pescadores y oficiales y labradores onbres ricos y llanos...” O seu inimigo principal nas Mariñas eran os Andrade, agora o fillo de Nuño Freire, Fernán Pérez de Andrade, *O Mozo* (foi señor entre 1442 e 1470).

Tivo lugar este levantamento antifeudal no reinado de Enrique IV e é o reflexo dunha situación caótica xeneralizada en todo o reino, favorecida polas pestes e malas colleitas. As cidades e os campeñiños non puideron soportar a presión da nobreza terratenente e da igrexa. E, polo tanto, buscaron: acabar cos abusos dos cabaleiros “malfechores”, defender os privilexios das cidades, revisar os tributos, que se devolvesen as terras usurpadas e que se acabase co costume de criar aos numerosos fillos dos cabaleiros nas casas campeñiñas. En Betanzos o levantamento podémolo seguir a través do relato do testigo Juan de Carballido. Pregoose fronte a unha multitude enfervorecida na “plaça del Castro” (hoxe *Praza da Constitución*) e tamén na “Rúa Trabesa” (mantén o mesmo nome), unha “provisión” do rei que lexitimaba o levantamento e que fora traída polo notario da cidade “Joan Branco”. Esta

ba presente “Gonçalo de Çisneros”, “notario del Conçejo de la dicha çiudad de Betanços”, o cal dixo que o rei “los mandaba juntar en la dicha hermandad y derrocar las dichas fortalezas y castigar los dichos malfechores y allanasen el dicho Reino”. A partir de aí, “los de la dicha çiudad de Betanços se juntaron en la dicha hermandad e fizieron sus diputados e alcaldes de la dicha hermandad que traian bara de justiçia pintadas con saetas e tambien hazian cadrilleros e tomaran por alcaldes y principal en la dicha hermandad al dicho Joan Branco porque lo quel mandaba lo hazian”.


En dous anos os irmandiños dominaron Galicia. O arcebispo Fonseca e nobres importantes fuxiron a Portugal. Pero ese mesmo arcebispo, Pedro Álvarez de Soutomaior e Juan Pimentel contraatacaron. A superioridade militar foi evidente e os irmandiños serían obxecto dunha vinganza terrible.

E que pasou con Afonso de Carvallido e a súa esposa? Pois, mentres non aparezan documentos ao respecto, non pode saberse. Quizais morreron en plena guerra, polo menos el (pode que antes a súa esposa); enterráranse neses ostentosos sepulcros (construídos probablemente en vida de Afonso ou seguindo os familiares instrucións súas) dentro da igrexa, nun momento propicio para eles, e logo... Logo véu nestas terras a vinganza do arcebispo e de Diego de Andrade (señor desde 1470 a 1490) e pagaríana os seus sepulcros, que serían sacados da igrexa e reempregados indignamente, non sen antes facer desaparecer a cara de Afonso. E o sepulcro do cura? Ben, un sector do clero tamén foi irmandiño. É moi probable que estas laudas sexan a proba dunha especie de *damnatio memoriae* á maneira antiga. Quen sabe... G



“Afonso de Carvallido” e a súa dona, “Clara Sanches”, t. mixta/táboa, 2006, 118x73 cm, obra de Alfredo Erias da serie “Xente no Camiño”.

Alfredo Erias Martínez é Arqueveiro-Bibliotecario do Concello de Betanzos.



Vellos coma as pedras,  
activos coma os ríos,  
expertos coma o tempo,  
en constante crecemento,  
coma as árbores.

Así somos nós,  
Os profesionais da auga en Galicia.  
Sempre vixiantes,  
sempre atentos.

Coidando o noso patrimonio natural  
e o medio ambiente.  
Da nosa auga, xerme de vida  
e fonte inesgotable de riqueza  
para todos os pobos da terra.

**Aquagest.**

Coidamos a auga  
para coidar ás persoas.